

XVI FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



5, 6 e 7 de Xullo de 2019
Santa Maria de Cela

PREGÓN FESTA TINTA FEMIA 2018

Boas tardes a todos os presentes.

Desde ben neno souben que hai lugares que te esperan, aos que sempre has de chegar. Este, Cela, é un deles. Só tiven que seguilo rastro do meu bisavó, outro Manuel Villanueva, que traballou como peón camiñeiro e logo como capataz da Deputación de Pontevedra na construción da estrada comarcal que trae ata aquí; por iso hoxe, como outras moitas veces, noutros moitos anos, os meus pasos trouxéronme sen determe.

Pensando neste pregón da tinta femia recordei un conto do italiano Manzoni no que uns amigos que compartiran a vendima deciden volver á adega e probar o mosto. E deixan a porta da adega calzada cos restos dunha antiga estatua: a cabeza dun rapaz que ten o pelo rizo, coma as estatuas do Mestre Mateo no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. A filla do adegueiro, sen saber moi ben por que, verte un pouco do viño nos labios daquel mármore romano e, inmediatamente, a cabeza cobra vida, abre os ollos e mira a moza, que, fascinada polo encanto, foxe do lugar, quedando para sempre namorada daquela imaxe resucitada polo contacto co mosto.

Pois ben, a min pasoume algo parecido: o contacto coa tinta femia fíxome lembrar rostros e vidas que parecían durmidas na porta imaxinaria deste entrañable lugar de Cela e que agora reviven, dándolle un novo sentido, máis profundo, máis intenso, á miña relación con todos vós, con este lugar.

E valorei por qué esta paisaxe vos me é tan querida: porque aquí cada solpor o sol que non queima interpreta a súa tenue sinfonía, e ao irse deixa a súa pegada incandescente no ceo, cal Fragua de Vulcano. É esa hora azul, que chaman os mexicanos, cando sentes que o mesmo tempo quixera retroceder sobre sobre si mesmo pero sabe que ha de esperar a mañá para volver a recomezar a vida. Aquí tamén as noites claras de verán ofrecen o mellor espectáculo do ceo: as estrelas son infinitas e semellan un po luminoso suspendido sobre o mundo, como un feitizo.

E con imaxes deste voso e, desde hoxe, meu lugar, revivín tamén emocionado a irmandade e o cariño dos meus amigos Cristina e Sesó, deles e da súa casa, a que construíron para formar unha familia e darnos acubillo aos que queren e lles queremos. Alí vin pasar como un zunido celestial o escintileo intelixente e luminoso do Faro de Ons. Luz de mar para almas varadas en terra.

Pero eu non vin aquí só falar desta terra que ole a sal e a herba acabada de cortar, a parras que prometen fértiles vendimas nuns meses,

senón do voso viño, ese que só crece aquí na súa maioría de viñas prefiloxéricas, que sabe a froitas vermellas, a mazá pasada, a potentes balsámicos. Un viño que é puro nervio, que se ensina salvaxe, diferente. “O tesouro de Cela”, como di o meu admirado Benigno de la Torre. Este viño ten o seu idioma propio, a súa vida, e pódese falar e ata filosofar sobre él. Ten sentimentos que só quen o cultivan, o miman, o fan nacer, saben entender; e quen o bebemos debemos interpretar. E ten ata a súa metafísica, como contaba nas tabernas de aquí abaixo, a pé de praia, o escritor moañés José María Castroviejo.

Dicía Álvaro Cunqueiro, saboreador de viños e de vida, que “os viños, ademais de probalos, hai que oílos”. El tamén levantou en multitude de ocasións, por estes lares, a súa taza agradecida e falou do efecto prodixioso destes viños. Conta a anécdota popular que ambos escritores discrepaban animadamente sobre diferentes visións, aparicións, da Santa Compañía e que Castroviejo, desexoso de rematar a disputa, lle espetou a Cunqueiro: “Mira, Álvaro, o que pasa é que a túa Santa Compañía é de tinto e a miña de branco”.

Alguén propuxo facer unha clasificación, entre poética, cronolóxica e artística, dos viños galegos en románicos, góticos ou barrocos. Sen dar de todo por bo o criterio anterior e sen considerarme un experto, senón un entusiasta do tinto femia, eu encadraríaos sen dubidar entre os barrocos: pola complexidade do seu buqué, polo seu tacto de veludo, polos adornos suntuosos que o acompañan no padal.

Pero confirmei esta teoría diante dos retablos laterais que tedes no interior da vosa igrexa: que son especialmente significativos pola extraordinaria decoración das súas columnas salomónicas: fantásticos acios de uvas douradas. Non é que esta decoración sexa exclusiva destes retablos: a vide e os bacelos son un elemento simbólico do cristianismo, significan a resurrección e a vida. En moitas igrexas galegas, españolas e europeas encontramos as vides cos acios enroscados nas súas columnas salomónicas. Pero en moi poucas os acios teñen a vitalidade e frondosidade destes dous retablos barrocos da vosa igrexa: son máis que decoración, son símbolos deste lugar.

E eu atreveríame a dicir que no seu momento foron acios de uva tinta femia, pero as esixencias decorativas do barroco, que obrigaba a dourar os retablos, converteron en ouro o voso tinto femia, o que, en definitiva, é facerlle xustiza ao voso viño.

E cando a tradición popular acredita, por outra parte, a relación destes conxuntos e da vosa patroa co cultivo da vide, nesta fermosa cantiga, xa non quedan dúbidas:

Nosa Señora de Cela
é moi amiga das uvas
e San Martiño de Bueu
das sardiñas cabezudas.

E unha cantiga leva á outra, que recorda que esta Virxe é tamén a patroa dos mariñeiros e o mar é o noso horizonte:

Nosa Señora do Carme
fixo unha torre no mar,
para ver os mariñeiros
cando veñen de pescar.

Amigos, o viño lévase ben coa historia, porque o viño garda a historia dos nosos sentimentos, a memoria das nosas emocións: A de sentarse na balaustrada desta igrexa, cos pés colgando e sentirse gaiyota sobrevoando Bueu, a configuración urbana máis mariñeira do Morrazo. A do son dun carro que canta, ou a voz dunha pescantina que anuncia sardiñas na praza. Dunhas vivencias: un longo paseo pola praia de Lapamán ou pola dársena do porto. Dunha paisaxe: de castiñeiros e carballos; da bocana desta ría. Dun sabor: viño de Cela e polbo de Bueu. Benditos sexan. Todo isto cabe nunha taza de Tinto Femia, así sen límites, sen máis fronteira que os recordos e a nostalxia de reencontrarme de novo aquí, co abrazo dos que quero, con esta paleta de cores que se debuxa ao longo do trazado desta estrada comarcal que aínda conserva a suor e o esforzo do meu bisavó.

Quero dicir, en definitiva, que o voso viño é o voso país: as tardes de sol, a presenza do mar, o día da patroa, o canto dos merlos, as campás da igrexa, as cantigas tradicionais, as xornadas de vendima, o recordo dos nosos maiores e o futuro dos nosos nenos, e os amigos, sempre...

Escribía o xornalista Alberto Barciela que “a maxia non se explica, para entendela hai que achegarse a esta costa”. E contemplala, diría eu, degustando este viño infiltrado da salinidade que me quedou lambendo as orixes, ensinándome a súa oración.

Antes de irme, teño que facer un longo capítulo de agradecementos:

Grazas a todos vós pola compañía e a atención, e por acollerme tan ben.

Á Asociación de Viticultores de San Martiño de Bueu pola súa hospitalidade e afecto e por honrarme con este honor e poñerme á altura de quen tanto admiro: Luís Davila e Benigno de la Torre. Saúde, compañeiros.

Aos amigos que viñestes de cerca e de lonxe para acompañarme neste pracenteiro trance.

Grazas a Suso Villamil que sempre me presta a súa inspiración histórica e a súa sabedoría.

A Paulino Novo, gardián do meu galego. A Rodri Méndez, amigo que ben de lonxe e acuna uvas de tinta femia na sua dega do Salnés. Están en boas mans.

Grazas a Mela e a Fernando, que me pediron vir dar este pregón mentres dabamos conta dese guiso dos catro portos que Andrés borda no Estrella.

A meu pai, que me falou por primeira vez destas terras e dos seus viños, das súas xentes, e que me ensinou que non tiña que contar os meus pasos para chegar aquí, só escoitar o meu corazón para chegar.

Aos meus sogros, Teresa e Manolo, ós meus casi irmans, Chiru e a Rey, que me trouxeron á Casa do Señor Benito, do seu fillo Benito e de miña curmá Carmiña. Aquí probei por primeira vez o tinto femia. Grazas por tanta xenerosidade. Sempre quixen volver a vervos, perder o tempo nos vosos reloxos, ao voso lado.

Á miña muller, Amparo, á miña filla, Tati, e a Juan que aínda estando hoxe na Coruña, está aquí. Por todo. Polo vivido, por tanto tempo xuntos e por tantos amenceres baixo esta luz prodixiosa.

E antes de baixarme deste estrado, deixádeme que vos confese unha intimidade: descubro de verdade que ando por aquí, que curei a miña morriña, cando unha tarde calquera me achego a una das tabernas de este entorno con amigos e quen está detrás da barra me pregunta: “Que, Manolo, vai unha de Tinto Femia?”. Entón xa estou na Terra.



A CAPELEIRA

SE TE QUERE
INVITARÁTE A CEAR

RUA DO FORNO, 23
CASCO VELLO
MARIN